

## PREVENCIÓN NOS SUPERMERCADOS E **COMERCIOS MINORISTAS** DE ALIMENTACIÓN FRONTE AO NOVO CORONAVIRUS

**16 de marzo de 2020**

Tendo en conta a situación de declaración de estado de alarma en todo o territorio nacional (Real decreto 463/2020 de 14 de marzo) como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19, no exercicio da súa función de información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), elabora este documento no que se recollen **recomendacións preventivas básicas** que se deben ter en conta nos **supermercados e comercios minoristas de alimentación** segundo as **informacións das autoridades sanitarias** sobre o novo Coronavirus.

### Establecer medidas para evitar o contacto próximo

- **Evitar** que se produzan **aglomeracións**
- Organizar a **entrada dos clientes por quendas** e gardando sempre a distancia de seguridade de, **COMO MÍNIMO, UN METRO** entre persoas
- **Limitar** o acceso ao recinto de **persoas** que presenten **patoloxías respiratorias**
- Manter a **separación** de seguridade entre persoas nas **zonas de pago, preparación de produtos, zonas de reposición de mercancía, seccións específicas ou similares** mediante sistema de número, sinalización horizontal, vertical, adhesivos nos corredores para delimitar zonas, etc.
- **Definir unha zona de entrega da mercancía** de xeito que se evite o contacto estreito co cliente
- Se é posible nas zonas de pago instalar **pantallas que fagan de barreira**
- Fomentar os **medios de compra non presenciais**.
- Xeneralizar o uso de **caixas rápidas**
- Promover o **pago por medios electrónicos** (tarxeta, móbil)
- Comunicar por megafonía ou mediante carteis as recomendacións da autoridade sanitaria para evitar a propagación e o contaxio

### Avisos importantes para os clientes:

- Non deben ir comprar se teñen síntomas respiratorios
- Deben evitar aglomeracións
- Debe ir á compra un só membro por familia e non deben ir as persoas maiores ou con patoloxías e os nenos
- A compra debe reducirse a produtos básicos para que a estancia no interior sexa o máis curta posible

### Establecer medidas hixiénicas

- Reforzar a dispoñibilidade **de material de limpeza e hixiene persoal**
- Facilitar o **lavado frecuente de mans** e proporcionar panos desbotables a todo o persoal
- Na medida do posible dispoñeranse solucións hidroalcohólicas ou similares para o uso público no establecemento
- Aumentar a **frecuencia da limpeza** de todas as superficies, equipos de traballo, instrumental, mostradores, caixas automáticas, TPV das caixas rexistradoras, agarres de carros e cestos, etc.
- Procurar **non compartir comida, obxectos e utensilios** sen limpalos previamente
- **Cambiar as luvas con frecuencia.** Lavar sempre as mans antes de poñelas e despois de quitalas. Evitar igualmente tocarse a cara cando se leven postas. O **lavado de mans é a principal medida preventiva**
- O uso de **máscara cirúrxica non se recomenda de maneira rutineira.** Se non se presentan os síntomas respiratorios característicos da COVID-19 (sobre todo, tose) ou non se coida dunha persoa que poida contraer esta enfermidade, non é necesario levar posta unha máscara clínica. Lembre que as máscaras desbotable só se poden utilizar unha vez
- Ventilar con máis frecuencia o local (sempre que isto sexa posible)

**A mellor maneira de reducir calquera risco de infección é unha boa hixiene e evitar o contacto directo ou próximo (a menos de 2 metros) con calquera persoa potencialmente infectada.**

## Establecer medidas organizativas

- **Limitar as tarefas** nas que pode haber **maior probabilidade de contacto** para as persoas traballadoras identificadas como especialmente sensibles.
- **Valorar a necesidade de reforzar persoal**, establecer quendas, realizar pausas, alternar tarefas, etc. para minimizar o impacto da carga física e mental do persoal na situación de alerta sanitaria actual
- Establecer **instrucións** para a xestión das posibles **situacións de conflito**

## FONTES DE INFORMACIÓN CORONAVIRUS

- Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia:  
<https://coronavirus.sergas.es/>
- Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social:  
<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/ciudadania.htm>
- Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al nuevo coronavirus (sars-cov-2) (11 de marzo de 2020):  
<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/PrevencionRRL COVID-19.pdf>